O desenvolvemento continuo e crecente das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) está producindo transformacións nas formas de producir, vivir e comunicar. Estamos nunha nova Sociedade da Información e do Coñecemento, na que as TIC, están producindo transformacións na sociedade das que xa é imposible permanecer á marxe.

A implantación das TIC en todos os ámbitos da sociedade vai en aumento, de tal maneira que ninguén pode nin debe quedar á marxe das posibilidades e potencialidades que estes recursos nos ofrecen. O uso xeneralizado das TIC na educación contribúe en gran medida a conseguir a plena implantación de Sociedade da Información.

A aplicación das TIC ó traballo da aula convertese en peza cruce na educación e formación do alumno. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos alumnos, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de maneira que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nas contornas de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumno acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.



## **I.- RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS:**

Os principais recursos e materiais que utilizaremos no área de Educación Física son:

- RECURSOS HUMANOS:
  - O alumno/a e a súa experiencia (motricidade, expresión, creatividade).
  - O profesor e as súas explicacións e / ou exemplificacións.
  
- INSTALACIÓNS:
  - O aula.
  - O ximnasio.
  - As pistas polideportivas exteriores.
  - Os espacios abertos do recinto escolar.
  
- MATERIAL DIDÁCTICO:
  - Convencional:
    - O caderno de E.F do alumno.
    - Aula Virtual do Centro e E-Dixgal
    - Apuntes e fichas elaborados polos profesores do departamento.
    - Ordenador portátil e canón.
    - Posters ilustrativos.
    - Material deportivo diverso especificado no inventario de material do departamento.
  
  - Non convencional:
    - Material específico de deportes alternativos, expresión corporal e actividades na natureza.
    - Materiais reciclados e autoconstruídos polos propios alumnos.
    - Material audiovisual: cintas de música e de vídeo, cámara de vídeo, televisión e vídeo, equipo de música.

## **J.- AVALIACIÓN:**

### **J.1.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR:**

A avaliación inicial realízase para adecuar as ensinanzas da materia ao alumno e facilitar así o proceso de ensinanza aprendizaxe. Tamén permitirá avaliar o coñecemento do centro escolar por parte dos alumnos do primeiro curso e os alumnos novos. Terase en conta:

- grado de maduración do alumno,
- dominio de contidos,
- forma de aprender a aprender (habilidades e destrezas),
- grado de integración social, entre outras.

En función do nivel do curso faranse diferentes test que permitirán recabar información do alumnado adecuando as estratexias de ensinanza aos mesmos.

AVALIACIÓN INICIAL		
FUNCIONES		
	Coñecemento do alumno	Adecuación da materia ao alumno
<b>Rasgos a Comprobar</b>	Grao de maduración	Significatividade
	Dominio de contidos	Dificultade
	Forma de aprender	Complexidade
	Grao integración social	
INSTRUMENTOS		
<b>Sabe</b> (Conceptos)	Cuestionarios Test	
<b>Sabe Facer</b> (Procedementos)	Probas de Execución	
<b>Sabe Ser</b> (Actitudes)		
ACCIÓNS A REALIZAR		
<b>Na aula</b>	Adaptación de medidas metodolóxicas ordinarias Adaptación de recursos materiais e espaciais Reforzo ACI	
<b>No centro</b>	Coordinación co titor/a Coordinación co Dto de orientación Coordinación co grupo de profesores de nivel	
<b>Fóra do centro</b>	Comunicación coas familias a través do titor/a	

## J.2.- AVALIACIÓN CONTINUA: PLANS DE TRABAJO

Tendo en conta a propia materia e a avaliación CONTINUA establecida para a ESO, o noso departamento, en aras de propoñer unha nota final acorde e xusta con todo o alumnado, determina establecer a seguinte condición para aqueles alumnos que suspendan unha avaliación: *“Todo **alumno con algunha avaliación suspensa** terá obrigatoriamente que presentar unha serie de actividades complementarias, establecidas polo profesor ou profesora da materia en caso de que teña intención de aprobar o curso. As actividades deberán presentarse correctamente realizadas e no prazo de tempo esixido. De non ser así, o alumno non poderá aprobar a materia de Educación Física na convocatoria de Xuño”*

## J.3.- MÍNIMOS EXIXÍBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Dominar o quecemento xeral e específico adecuados ás actividades desenvoladas, e dos sistemas de adestramento das capacidades físicas relacionadas coa saúde
- Desenvolgar unha superación persoal respecto á propia condición física
- Analizar os efectos duradeiros, beneficiosos para a saúde, do traballo das capacidades físicas e a súa influencia no organismo

- Dominar os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións de xogo, das modalidades deportivas desenroladas.
- Participar, con independencia do nivel acadado, en actividades deportivas

<b>CENTRO: IES PEDRA DA AGUIA</b>	
<b>CURSO: 2º ESO</b>	
<b>MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA</b>	
<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.
B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.	EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas
B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.
B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.
B3.2. Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.	EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde. EFB3.1.3 Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e leválas á práctica. EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.
B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.	EFB 4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.

colectivas, con actitudes de tolerancia e deportividade.

- Solucionar os problemas de decisión xurdidos nas prácticas a través de habilidades específicas .
- Diseñar e practicar actividades rítmicas cunha base musical
- Dominar as técnicas básicas de orientación natural e artificial
- Afianzar os hábitos de hixiene persoal tra-la práctica deportiva
- Coñecer as técnicas básicas de relaxación.



**CENTRO: IES PEDRA DA AGUIA**  
**CURSO: 4º ESO**  
**MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.	EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.
B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.	EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.
	EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.
	EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.
	EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.
	EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.
	EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.
	EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
	EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.
	EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.
B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.	EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.
	EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.
	EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.
	EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.
B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico-deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.
	EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.
	EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.
	EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.
	EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde.

## J.4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO

Debido ás características específicas desta materia, o apartado procedimental suma unha alta porcentaxe da nota final. É importante destacar que os alumnos inicialmente parten xa dunha nota, que poderán subir ou baixar, segundo o seu traballo e esforzo. Cremos que desta forma contribuímos a unha maior motivación cara á materia, ao mesmo tempo que ofrecemos aos alumnos con máis dificultades na materia uns obxectivos alcanzables.

Para rematar, independentemente do nivel ou etapa no que se imparta a materia, a avaliación é sempre CONTINUA aínda que veremos que as actividades complementarias xogan un papel fundamental cando un alumno ou alumna suspende unha avaliación (pretendemos desta forma evitar que traballando nun só trimestre pódase aprobar a materia).

Acontinuación detállase polo miúdo, cómo serán os criterios de cualificación.

### J.4.1.- SISTEMÁTICA DA AVALIACIÓN NA ESO

#### 1) CONTIDOS ACTITUDINALES:

Suporán o **40% da nota final de cada avaliación**. Dentro destes criterios valoraremos:

- a) **PUNTUALIDADE.**
- b) **TRABALLO, ESFORZO, INTERESE, ATENCIÓN, CONCENTRACIÓN...**
- c) **HIXIENE DIARIA:** Os alumnos deberán cambiar como mínimo a camiseta logo de cada sesión (recomendable un pequeno aseo).
- d) **ROUPA E CALZADO ADECUADO PARA A PRÁCTICA DA ACTIVIDADE FÍSICA:**
  - Os alumnos deberán traer obrigatoriamente roupa deportiva apropiada.
  - O calzado deberá ser o adecuado para a práctica deportiva e deberá estar **CORRECTAMENTE ATADO**.
  - Todo o equipamento persoal carecerá de compoñentes perigosos (partes moi duras ou metálicas, ausencia de partes cortantes ou abrasivas, etc).
- e) **ASPECTOS RELATIVOS Á SEGURIDADE:** Tanto do propio alumno/a como dos seus compañeiros. Serán sancionados coa baixada da nota ou con medidas disciplinarias os seguintes comportamentos:
  - Comportamento perigoso, irrespectuoso, agresivo, etc... facendo perigar a propia integridade ou a dos compañeiros.
  - Participar con roupa excesivamente floxa que comprometa a mobilidade do usuario, e o por tanto, a súa seguridade.
  - Comer chicle en clase.
  - Participar nas prácticas con elementos que obstaculicen o campo de visión propio (como pelo indebidamente asegurado, gorras, etc)
  - Utilizar o material de forma perigosa facendo perigar a propia integridade ou a dos compañeiros.
  - Así mesmo, o profesor ou profesora valorará se certos complementos de moda, tipo pearcings, aneis, pendentes, etc., que sexan visibles, poden

supoñer un perigo para o alumno/a e/ou compañeiros. Nese caso, os seus usuarios terán que retiralos.

## 2) CONTIDOS CONCEPTUAIS

Suporán o **20% da nota final de cada avaliación**. Dentro deste apartado teremos en conta:

- a) **PROBAS TEÓRICAS:** Farase como mínimo unha por avaliación, ben mediante o chamado “exame escrito” o ben mediante cuestionario de Aula Virtual.
- b) **PREGUNTAS ALEATORIAS EN CLASE:** O profesor ou profesora poderá formular preguntas en clase.
- c) **TRABALLOS COMPLEMENTARIOS:** Traballos que o profesor poida estimar adecuados en función do desenvolvemento dos contidos a tratar en cada avaliación.

*O abandono neste apartado por parte do alumno ( incluíndo Non terse presentado a un exame e non presentar o Traballo Complementario solicitado por tales circunstancias ou NON ter presentado a totalidade das actividades da Aula Virtual solicitada) suporá **suspenso** no trimestre correspondente e/ou no remate do curso.*

*O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 4 neste apartado para que se teña en conta na nota media de cada trimestre e/ou no remate do curso.*

*Todos os alumnos e alumnas que non poidan realizar a práctica en cada avaliación **durante 8 sesións** , deberán aterse unicamente a este apartado para a obtención da nota da avaliación. A non realización da práctica, en todo caso, deberá estar acompañada dun **XUSTIFICANTE MÉDICO**.*

## 3) CONTIDOS PROCEDIMENTAIS:

Supoñen o **40% da nota final de cada avaliación**. Valorarase mediante:

- a) **REALIZACIÓN DAS TAREFAS ESIXIDAS** durante as clases.
- b) **APLICACIÓN CORRECTA DA PARTE TEÓRICA:** O profesor/a explicará na parte teórica unha serie de contidos que os alumnos han de ser quen de levarlos á práctica correctamente
- c) **PROBAS DE TIPO PRÁCTICO:** Que se realizarán ou non, en función de cada unidade didáctica. Neste caso pedirase a execución correcta dunha serie de tarefas ou exercicios.

## Avaliación e cualificación

<b>Avaliación:</b>	<b>Procedementos:</b> Avaliación obxectiva no seguimento das actividades propostas por medio da Aula Virtual do Centro.
	<b>Instrumentos:</b> Diversas Probas por medio da Aula Virtual do Centro.
<b>Cualificación final:</b>	<p><b>Procedemento para obter a cualificación final do curso:</b> Media aritmética das cualificacións obtidas ata ese momento, incrementándose ata en un punto a cualificación final do trimestre/final de curso, ao alumnado que realice exitosamente <b>todas as actividades</b> propostas na Aula Virtual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Cunha avaliación suspensa:</u> poden chegar a unha cualificación de aprobado en xuño cumprindo o anterior.</li> <li>• <u>Con dúas avaliacións suspensas:</u> normalmente son casos de alumnado que abandonou o centro, pero de calquer caso, teríasele en conta o traballo realizado con vistas á convocatoria de setembro.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro:</b>	<p><b>Criterios de Avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sendo <b>Presencial</b>.- os recollidos na Programación</li> <li>• Sendo <b>Non Presencial</b>.- Os mesmos que en xuño e recollidos neste documento.</li> </ul>
	<p><b>Criterios de Cualificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sendo <b>Presencial</b>.- os recollidos na Programación</li> <li>• Sendo <b>Non Presencial</b>.- Os mesmos que en xuño e recollidos neste documento.</li> </ul>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sendo posible a avaliación <b>Presencial</b>.- avaliación subxectiva das probas de execución motora de tipo psicomotriz de habilidades específicas deportivas e de condición física; ademais de avaliación obxectiva de proba teórica tipo “exame escrito”.</li> <li>• Véndonos obrigados á avaliación <b>Non Presencial</b>.- avaliación obxectiva na execución de probas por medio da Aula Virtual do Centro.</li> </ul>



## **J.5.- CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA:**

- a) Un alumno que aprobe todas as avaliacións nunca poderá obter unha cualificación inferior á súa media aritmética:**
- Se as notas parciais van aumentando obterá a cualificación da última avaliación.
  - Se as notas parciais van descendendo ou son iguais obterá a media aritmética obtida da suma das tres avaliacións.
- b) Un alumno con unha avaliación suspensa que presentou as actividades de recuperación correctamente:**
- Obterá a súa nota da media aritmética de cada avaliación, sendo o cinco a nota da avaliación suspensa.
- c) Un alumno con dúas ou máis avaliacións suspensas que presentara correctamente as actividades de recuperación e que ademais presenta unha correcta actitude cara á materia (non ten negativos nos apartados actitudinal e procedimental)**
- O departamento establecerá unha proba individualizada (teórica e/ou práctica), sendo a nota máxima final que poida obter de seis.
  - Nos casos que se considere oportunos establecerase unha proba conxuntamente con o Departamento de Educación Física e o de Orientación.
- d) Os alumnos que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas cuxa actitude cara á materia sexa negativa:**
- Terán a cualificación de Insuficiente na convocatoria de Xuño.
- e) Os alumnos que obteñan a cualificación de insuficiente na convocatoria de Xuño, deberán en Setembro:**
- Presentar correctamente as actividades complementarias.
  - Ademais terán de presentarse a unha proba individualizada (teórica e/ou práctica) establecida polo departamento para tal efecto, sendo a nota máxima final que poida obter de cinco.
- f) Os alumnos con a educación física pendente de cursos anteriores:**
- Actuarán conforme o sinalado no seguinte apartado.

## **J.6.- MATERIA PENDENTE:**

**(organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación)**

Os alumnos terán dúas formas de aprobar a materia pendente:

- Convocatoria extraordinaria de Maio para alumnos con asignaturas pendentes de cursos anteriores. Deberán aterse ao especificado no apartado anterior (E) nas datas e prazos especificados pola xefatura do centro para a avaliación de pendentes.
- Programa de reforzo dirixido polo profesor que lle da clase de EF no curso actual no que se lle irán pedindo diferentes tarefas de recuperación das unidades didácticas programadas para o curso que ten suspenso.

## J.7.- TITULACIÓN DOS ALUMNOS EN 4º DE E.S.O.

Polo que respecta a titulación dos alumnos de 4º da ESO, o Departamento de Educación Física votará en contra da obtención da titulación (con 1, 2 ou excepcionalmente con 3 materias suspensas en 4º curso), cando se den algunha destas circunstancias:

- **Abandono** dalgunha materia do curso ou pendentes de cursos anteriores, sempre e cando quedase constatado por escrito no boletín de cualificacións e así se lle fixera saber aos pais por parte do titor ao longo do curso e cando non haxa melloría en Setembro.
- Deixar exames ou **probos finais en branco**.
- **A non presentación ás probas extraordinarias** e/ou a non entrega de traballos requeridos, se é o caso. Non se seguirá esta norma cando a ausencia ou a non presentación se deban a unha causa médica ou circunstancia persoal de carácter excepcional.

## J.8.- CONSTANCIA DA INFORMACIÓN AO ALUMNADO:

O alumnado será avisado dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao comezo de cada trimestre de forma oral. Igualmente habilitarase un espazo específico onde colgar en formato escrito dita información no taboleiro de anuncios da aula. Ao mesmo tempo, os alumnos contarán con esta información no seu poder permanente, ao ser detalladas no dossier de apuntamentos elaborados por este departamento e que deberán adquirir ao principio de cada curso.

## J.9.- AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

### J.9.1.-AVALIACIÓN DO PROFESOR:

Mediante PROCEDEMENTOS de auto-observación e **cuestionarios** a cubrir polos alumnos ao remate da 1ª e 3ª avaliacións, poderase valorar as seguintes variables:

- claridade nas explicacións,
- interaccións profesor-alumno,
- control do grupo,
- motivación suscitada,
- organización e desenrolo das actividades,
- coñecemento da materia, características persoais,
- técnicas e procedementos de ensinanza.

### J.9.2.- AVALIACIÓN DO PROCESO DIDÁCTICO:

Mediante PROCEDEMENTOS como o uso de **escalas de clasificación** e valoracións entre os membros do departamento (neste caso unipersoal):

- ¿Correcta relación profesor-grupo?
- ¿Consecución de obxectivos propostos?
- ¿Correcto prantexamento didáctico?
- ¿Metodoloxía adecuada a obxectivos e contidos?
- ¿Adeuada significatividade lóxica e psicolóxica?
- ¿Producíronse situacións de aprendizaxe coherentes, ben estruturadas?

- ¿Obtivéronse resultados adecuados para a diversidade de niveis?
- ¿Correcta atención ós alumn@s con necesidades de apoio educativo?
- ¿Congruencia entre a programación e o seu desenvolvemento práctico?

### **J.9.3.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:**

Unha vez desenvolvida a Programación Didáctica, os compoñentes do departamento valorarán a seu desenvolvemento. Empregarase un instrumento de valoración no que se observan criterios como:

- **Adecuación** (ao alumno e contexto),
- **Validez** (ao currículo),
- **Viabilidade** (consecución)
- **Utilidade** (coherencia).

Finalmente, redactarase unha **MEMORIA FINAL** que reflicta as conclusións obtidas e que serán consideradas para realizar a **PROPOSTA DE MELLORA** da Programación Didáctica do curso seguinte.

A tal fin, empregaríase a seguinte rúbrica como instrumento de valoración:

PROFESOR					DATA	
VALORACIÓN (B- ben/ R- regular / M- mal)		B	R	M	Cambio que se propón	
<b>C R I T E R I O S</b>	<b>ADECUACION</b>	Ao contexto				
		Aos alumnos				
	<b>VALIDEZ</b>	Dos obxectivos				
		Contidos y temporalización				
		Actividades Comp/Extraescolares				
		Criterios, instrumentos de Avaliación				
		Metodolóxicas e Didácticas				
		Dos recursos empregados				
		Atención á Diversidade				
	<b>VIABILIDADE</b>	Grao de execución				
		Cumprimento da PD				
	<b>UTILIDADE</b>	Coherencia para a sua aplicación				
		Facilita a práctica docente				

## **K.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

Consciente de que o proceso de ensino e aprendizaxe será un éxito na medida en intervir axustándonos ao modo peculiar de aprendizaxe que teña o alumnado ( analítico/sintético, impulsivo/reflexivo ), a súa capacidade de aprender e as súas motivacións diferentes , tomar as medidas que buscan un ensino individualizado, van variar dende as adaptacións para facilitar o acceso ao currículo, ata as seguintes:

### **K.1.- MEDIDAS DE ATENCIÓN NON SIÑIFICATIVAS** (Reforzos, afectando elementos non prescritivos)

En relación á opcionalidade e a Organización dos contidos:

- Declinando-se polo tratamento máis profundo dalgúns contidos en detrimento doutros, dependendo das características, preferencias e necesidades do alumnado.

En relación á metodoloxía:

- Para adaptar a linguaxe ao nivel de comprensión do / as alumnos / as.
- Recurrir a varias estratexias de ensino: verbal, visual, manual;
- División en secuencias de movementos;
- Tempo axeitado entre explicación e execución.
- Variar o tipo de coñecemento da execución e resultados (-feed backs).
- Simplificar as percepcións: traxectorias, velocidades, tamaños, texturas, alturas, distancias, posturas corporais e orientación e reducir medos.
- Simplificación de execucións: camiñar en vez de correr; cambiar a posición do / as xogadores / as; Reducir a distancia e movemento para lanzar ou recibir.

Respecto das actividades de ensino - aprendizaxe:

- Motivar ao alumno / a para o tipo específico de actividades.
- Buscar actividades alternativas con diferentes graos de dificultade e niveis de rendemento; con regras adaptadas; con roles diferentes; actividades de libre elección.
- Variar as execucións: modificando os materiais, bjectivos, espazos, participantes e as súas relacións, as regras de xogo, os tempos e modos de intervención.

En relación a materiais de ensino:

- Variar o ambiente de aprendizaxe: Variación dos grupos e espazos;
- Utilizando material que permite a creatividade;
- Eliminar as fontes de distracción.

Respecto agrupación flexible:

- Variar os agrupamentos: grupos de nivel ou parellas para a execución das tarefas centradas no mecanismo de execución; variar os grupos para actividades máis creativas e actividades en gran grupo para as execucións individuais.

### En relación a casos específicos cos que contamos:

- Para os alumnos **Hiperativos**: precisa tempos de atención curtos, que realice moitas veces pouco traballo mellor que moito dunha soa vez, centrar a recuperación naqueles aspectos específicos que cambiou e que comprobe esta mellora.
- Para os alumnos con **Asma** (leve) e alumno epiléptico (a tratamento) evitarlle os grandes contrastes de intensidade no esforzo para dotarlles progresivamente de autonomía e auto-control.
- Para o alumno con **Escoliose**: proporlle traballo simétrico propoñendo actividades de reforzo (conciencia, flexibilidade e fortalecemento).
- Para os alumnos con **Retraso Madurativo e Síndrome de Asperger**: tempos curtos de atención, instrucións simples e breves, execución simples reducindo os aspectos perceptivos e de execución motriz.
- Para o alumno con **Deficiencia Auditiva**: falarlle de fronte e coidando a mecánica da fala, utilización de xestos específicos previamente convidos con él, simplificación da información nas tarefas, grupos reducidos de traballo.

### **K.2.- MEDIDAS DE ATENCIÓN SIÑIFICATIVAS:**

Afectan a elementos prescritivos do currículo, partindo do nivel de competencia curricular do estudante e tenderán a que éste acade os obxectivos xerais da etapa. Abranguen ao alumnado con necesidades educativas especiais e aqueles outros que posúan un historial escolar e social que lles impida adquirir novos contidos. Neste sentido, contamos cun alumno cunha **ACI** que se detalla como **ANEXO** deste documento.

### **L.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:**

Neste deseño curricular pretendese incluír un compoñente ético que se adapte ás novas condicións sociais co fin de dar sentido ao resto dos coñecementos presentados na materia. Nesta liña haberá un tratamento dos elementos educativos básicos ou temas transversais en cada unha das accións do proceso educativo que levemos a cabo. Relacionando cada Bloque de Contidos con cada Elemento Transversal, o tratamento destes quedaría concretado así:

<b>BLOQUES DE CONTIDOS</b>	<b>ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b>
Contidos Comúns	Educación cívica
	Emprendemento
Actividades físicas artístico-expresivas	Comunicación Audiovisual
	Tecnoloxías de información e da comunicación
Actividades físicas e saúde	Comprensión lectora
	Expresión oral e escrita
Os xogos e Actividades deportivas	Emprendemento
	Educación cívica
	Prevención da violencia
	Educación e seguridade viaria

O tratamento de cada elemento transversal concretarase en cada caso, coas especificacións que se detallan a continuación.

### **L.1.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS RELACIONADOS COA COMUNICACIÓN E A EXPRESIÓN ORAL, ESCRITA E O USO DAS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN:**

Detectada unha falla de precisión extrema no emprego da terminoloxía propiamente deportiva, este departamento elaborou un dossier de apuntamentos para o alumnado, co firme propósito de contribuir a mudar esta situación. Deste xeito, no tratamento dos contidos conceptuais, facemos especial fincapé na expresión axeitada e precisa de materiais, instalacións e modalidades deportivas.

Por outra banda, o emprego das Tics facilita en grande medida, a presentación destes elementos tan variados ao tempo que se acada un maior grao de motivación e atención do alumnado de cara á asimilación destes contidos.

### **L.2.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS RELACIONADOS COA IGUALDADE ENTRE AS PERSOAS E A FORMACIÓN CÍVICA:**

#### **A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE AMBOS SEXOS:**

Convén reflexionar sobre se coa nosa actuación docente estamos a axudar ou non á transmisión de estereotipos sexistas. Debemos promover prácticas que teñan como común denominador o trato igualitario real entre ambos os dous sexos e que respecten e valoren as experiencias, motivacións, intereses e as características de ambos os dous grupos.

As diferencias biolóxicas que existen entre os sexos non son razóns para a marxinación dun ou outro en determinadas actividades. O coñecemento mutuo que se leva a cabo nas manifestacións motrices servirá de base cara ao respecto das características de cada un.

É preciso que o/a profesor/a teña en conta algúns aspectos como:

- As experiencias previas adoitan ser distintas en alumnos e alumnas, polo que o/a profesor/a se verá obrigado/a a compensar esas desigualdades de principio.
- Nas actividades manipulativas, pola educación sexista inevitable, as alumnas teñen menos experiencia.
- É necesario incentivar ás alumnas para que solucionen os seus propios problemas.
- É preciso eliminar a linguaxe sexista. Así como as ilustracións (nos nosos textos, os debuxos e as fotografías) de manipulación, xogos ou actividades físicas deben facerse, independentemente da súa natureza, por mozos ou mozas indistintamente.
- Hai que eliminar a sensación de competitividade entre os dous sexos.
- É conveniente enfatizar sobre os éxitos e logros deportivos alcanzados por mulleres (malia a súa condición de ama de casa tradicional e con gran esforzo...).
- Confeccionar equipos mixtos para o desenvolvemento das actividades.

- Débese ter unha especial atención a que os varóns non monopolicen algunhas pistas deportivas, considerándoas patrimonio de homes.
- É importante estimular ás alumnas no manexo de máquinas e ferramentas.  
En xeral, realizar todas aquelas prácticas que eliminen a discriminación.

### A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E EDUCACION SEXUAL:

Este aspecto impregna boa parte dos contidos do área. Seguiremos o tratamento da saúde desde o coñecemento do propio corpo, os efectos da actividade física sistemática e os beneficios que desta derívanse.

Nestas idades nas que a diferenciación de caracteres sexuais maniféstanse de forma significativa, intentaremos contribuír a que os alumnos/as sexan conscientes dos cambios que experimentan, acéptenos con naturalidade e saiban a influencia que poden ter no seu desenvolvemento.

É evidente que o peso da Educación sexual e da Educación para a saúde cae de cheo no propio currículo do área de Educación Física. Neste aspecto incide fundamentalmente o intento de conseguir no alumnado actitudes positivas fronte ás seguintes cuestións:

- A hixiene corporal na práctica de actividades físicas: hábitos relacionados coa ducha e o aseo persoal despois de realizar exercicio físico.
- A hixiene postural: precaucións ao realizar tarefas da vida cotiá (levar a mochila, sentar, levantar pesos...).
- Relaxación e respiración: adquirir un bo hábito de respiración e desenvolver a capacidade de autorelaxarse en situacións física: rutinas de quentamento, normas de seguridade na realización de determinadas actividades físicas, coñecemento dos tratamentos de choque máis frecuentes ante posibles accidentes.
- A incidencia dos hábitos prexudiciais para a saúde na actividade física.
- A valoración e toma de conciencia da propia condición física.
- A valoración do efecto dun bos hábitos sobre a condición física e a saúde en xeral.
- O respecto das normas de prevención de accidentes na práctica da actividade física.
- A valoración dos efectos dos hábitos nocivos para a condición física e a saúde, e prevención ante os mesmos.

### A EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Entendemos a oposición como unha estratexia e non como unha actitude fronte aos demais. A tolerancia e a deportividade no xogo son actitudes moi favorables para a educación para a paz. Tratarase o eixe da Educación para a paz unido á Educación moral e cívica cando se realizan actividades que levan a:

- Aceptar do nivel de aptitude motriz dos outros.
- Respetar o ritmo de progresión, así como aos logros dos compañeiros por moi insignificantes que poidan parecer.



- Controlar a agresividade en situacións de oposición e loita directa con compañeiros.
- Respetar a normativa e regulamentos dos xogos e deportes.
- Valorar mellóraa persoal e a dos demais por encima do resultado.
- Aceptar a competición cos demais como unha forma lúdica de desenvolver a actividade físico deportiva, aceptando as regras, a cooperación e a rivalidade ben entendida.
- Dispoñerse a aceptar os resultados da confrontación deportiva, sen extrapolar actitudes e conductas negativas.

Respetar aos roles de cada participante nos xogos deportivas, con maior consideración á figura do árbitro, colaborando co seu labor e sen cuestionar as súas decisións.

### A EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

A actividade física estase convertendo nun ben cultural de toda a comunidade social, en torno ao cal suscítanse expectativas económicas e políticas que tratan de transformalo nun ben de consumo: marcas comerciais, instalacións, etc.

Desde esta análise podemos orientar ao alumno/a en todo o proceso. Comezando pola selección do equipo adecuado para a actividade física ordinaria:

- Valoración e coidado das instalacións e material. Dar uso polivalente ao material do que dispoñamos e transmitir que non sempre o máis caro é o mellor.
- Utilización e confección de materiais alternativos como cordas, globos, periódicos, caixas, envases..., conseguindo nos alumnos actitudes favorables cara á valoración e reciclaxe destes produtos.
- Coñecemento das características esenciais da vestimenta deportiva sendo críticos á hora de elixir sen deixarse levar por modas, marcas...
- Concienciación ante o excesivo consumo de espectáculos deportivos que se produce actualmente na nosa sociedade. (principalmente TV). Aprender a facelo sen fanatismos.

### L.3.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS RELACIONADOS COAS ACTITUDE EMPRENDEDORAS, CREATIVIDADE E TRABALLO EN EQUIPO:

#### A EDUCACIÓN PARA A CREATIVIDADE E O TRABALLO EN EQUIPO

Co tratamento de contidos relativos á práctica de actividades deportivas e as relacionadas co ritmo e a expresión, estamos a traballar ao mesmo tempo a creatividade neste caso motriz, e o traballo en equipo para a consecución de logros comúns.

#### A EDUCACIÓN PARA O LECER

Da mesma forma que a escola prepara ao alumno para o mundo laboral, tamén debe dotalo de instrumentos axeitados para un emprego constructivo do seu tempo libre e de ocio, tendo en conta que o alumno disporá de momentos de tempo libre dentro da escola (recreos) e sobre todo fóra dela:

- Facilitar a organización de actividades, xogos e competicións en tempo de recreo (ligas de diversos deportes, partidas de xadrez, xogos tradicionais...).

- Darlle a coñecer as posibilidades que lle ofrece o seu ámbito próximo para o desenvolvemento de actividades deportivas: instalacións, clubs, actividades municipais ...
- Mostrarlles as opcións que ofrece o seu medio natural próximo: rutas de sendeirismo, clubs de vela, piragüismo, montaña...
- Descubrir e valorar as alternativas de ocio que nos ofrece o medio urbano e optar por aquelas que nos poidan proporcionar un maior disfrute persoal: circuítos de carril bici, skate, patinaxe...

#### **L.4.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS RELACIONADOS COS DEREITOS E DEBERES INDIVIDUAIS E COLECTIVOS:**

##### A EDUCACIÓN AMBIENTAL

Nas actividades realizadas no medio natural débense desenvolver actitudes de coidado do ecosistema e de protección do mesmo. Habemos de suscitar unha actitude de participación activa na reconstrucción do ecosistema. Insistindo en temas como:

- Coñecer, valorar e respectar os espazos que nos rodean, a través das actividades no medio natural.
- Contemplan as normas básicas de protección, precaución e seguridade no desenvolvemento de actividades no medio natural.
- Valorar os recursos que brinda o medio natural para o seu goce.
- Reciclaxe de materiais de desecho, autoconstrucción de novos materiais para xogos con elementos naturais, reparación e reutilización de materiais estragados.
- Aceptar e respectar as normas de protección, precaución e seguridade no medio natural. Ser crítico coas actividades que poidan perxudicar o ecosistema.

##### A EDUCACIÓN VIARIA

O uso correcto das vías públicas esixe unha formación educativa. Este tema transversal hai que tratalo dende dous puntos de vista. Por un lado, ensinar os comportamentos e regras básicas dos conductores e peóns, e por outro, fomentar unha educación para a convivencia e solidariedade no ámbito urbano, tomando consciencia dos problemas viais e das situacións de risco que poidan presentarse (montar en bici, patinar, correr,...).

## **M.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS:**

O noso departamento propón as seguintes actividades, algunhas das cales poderanse realizar conxuntamente con outros departamentos (se estes estímalo conveniente).

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>CURSO</b>	<b>OBSERVACIONES</b>
<b>Obradoiros de Balonmán:</b> Colabora Clube Balonmán Camariñas	Todos	1er trimestre
<b>Actividades motrices de animación nos tempos de lecer</b>	Todos	Todo o curso
<b>Cross escolar xogade:</b> Organizado pola S. X. Para o Deporte.	1º-2º	Decembro
<b>Gymkanas escolares:</b> Conxunto de probas multidisciplinares	Todos	Todo o curso; Colaboran todos os departamentos
<b>Camiño de Santiago:</b> Realización dun tramo deste itinerario.	2º e 3º	Todo o curso
<b>Curso de Vela.- “Bautismo no mar”</b> Escola de vela de Camariñas	Todos	3er Trimestre Colabora Concello de Camariñas
<b>Saídas pola contorna do recinto escolar:</b> Co fin de desenvolver actividades de aula.	Todos	TODO O CURSO
<b>Campeonatos de Xogos:</b> Nas instalacións do centro (recreos e lecer)	Todos	TODO O CURSO
<b>Introdución ao deporte da escalada:</b> Visita a un rocódromo con tal fin.	Todos	TODO O CURSO

## **N.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

Para a elaboración desta programación, empregouse a seguinte bibliografía:

- M.E.C. (1989): Diseño Curricular Base. Educación Secundaria Obligatoria. Madrid.
- M.E.C. (1992): Secundaria Obligatoria. Educación Física. Madrid.
- XUNTA DE GALICIA (1992): Deseño Curricular Base. Educación Secundaria Obrigatoria. Educación Física. Santiago de Compostela.
- GABINETE DE ESTUDIO PARA A REFORMA EDUCATIVA (1992): Educación Secundaria Obrigatoria. Desenvolvemento Curricular. Secuencias de obxectivos e contidos. Educación Física. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Santiago de Compostela.
- M.E.C. (1993): Secundaria Obligatoria 2º ciclo. Programación Educación Física (1) na colección “Del currículo a la práctica del aula”. Madrid.
- DÍAZ LUCEA, J. (1995): El currículum de la Educación Física en la Reforma Educativa, na colección “La Educación Física en...Reforma”. Barcelona: INDE; 2ª.
- FERNÁNDEZ CALERO, G. E NAVARRO ADELANTADO, V. (1989): Diseño curricular en Educación Física. Barcelona: INDE.
- XUNTA DE GALICIA (2000): Educación Física. Programación Didáctica de Referencia. Santiago de Compostela: Taorculo.
- NOVOS CONTIDOS MÍNIMOS. DECRETO 2002.
- NOVOS CONTIDOS MÍNIMOS. DECRETO 2007

## Ñ.- ANEXOS:

### Ñ.1.- ANEXO I:

**Modelo FICHA DE OBSERVACIÓN DA SESIÓN: a cubrir por todos aqueles alumnos que NON REALICEN LA PARTE PRÁCTICA nas sesións de Educación Física**

<i>FICHA DE OBSERVACIÓN DA SESIÓN</i>	
Unidade didáctica:	
Apelidos e nome:	Curso:
Motivo polo que non realizas la práctica:	Data:
PARTE TEÓRICA ( <i>Indica qué explica o profesor/a</i> ):	
PARTE PRÁCTICA ( <i>Indica e describe as tarefas correspondentes ao quecemento, parte principal e volta á calma</i> )	

## **Ñ.2.- A.C.I. PARA O ALUMNO CON NEE:**

No presente curso está previsto inicialmente, aplicar estas medidas ao alumnado que se especifica a continuación:

- Miguel Arén Pasantes de 4º de ESO

A Ponte do Porto, a 20 de Setembro de 2022

Fdo: O profesor de Educación Física

BRUNO MONTERO RODRÍGUEZ